



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA “CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2023/2024”

#### 1.- OBXECTO DA INICIATIVA

O obxecto destas bases e convocatoria é a regulación das axudas que o Concello de Laxe outorga para promover a activación económica e propiciar o fortalecemento do sector comercial municipal, co obxecto de estimular a demanda a través do consumo en empresas locais.

Esta iniciativa tamén persegue motivar aos comercios locais para que se unan entre eles e creen sinerxías de dinamización do comercio de proximidade.

#### 2.- OBXECTIVOS

O comercio tradicional, está sometido a un profundo proceso de cambio que esixe un esforzo de renovación e adaptación continuo ante o cal o Concello de Laxe pretende axudar, animando o consumo e a unión dos negocios de proximidade este Nadal.

O obxectivo principal e primordial desta Campaña é o fortalecemento do sector comercial municipal, a través da “Campaña de Nadal no Comercio de Laxe 2023/2024”.

#### 3.- ORZAMENTO

A dinámica desta Campaña baséase no sorteo de tres premios económicos, para os cales se dotarán 500 € dispoñibles no orzamento do Concello de Laxe do ano 2022 prorrogado ao ano 2023.

As axudas faranse efectivas a través do sorteo de tres premios por importe de 250 €, 150 € e 100 €, que serán destinados a mercar nos comercios adheridos e radicados no Concello de Laxe.

#### 4.- ACTIVIDADES E PRINCIPIOS APLICABLES.

Polas presentes bases promociónase a venda de bens, consumicións ou prestación de servizos.

A xestión dos fondos públicos asignados levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

#### 5.- PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Serán beneficiarias desta Campaña as persoas físicas maiores de idade.

Tamén serán beneficiarios os comercios locais adheridos.

Ambas partes son fundamentais para levar a cabo esta Campaña de dinamización e activación



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

económica do sector comercial de proximidade.

### 6.- ALTA E REQUISITOS DOS COMERCIOS PARA A ADHESIÓN Á CAMPAÑA

1. Os comercios que desexen adherirse á “Campaña de Nadal no Comercio de Laxe 2023/2024”, deberán facelo mediante a presentación do formulario cuberto (ANEXO I) creado para este fin.

O formulario está dispoñible na páxina web [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com) e nas oficinas xerais do Concello de Laxe.

2. O prazo para adherirse ao programa será desde o día seguinte á publicación destas bases na páxina [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com) ata o 19 de decembro de 2023 ás 14.30 h.

3. Poderán adherirse os comercios abertos ao público permanente no Concello de Laxe (quedan excluídas as actividades de venda ambulante e venda en liña).

4. A adhesión á Campaña suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

5. O Concello de Laxe xestionará as solicitudes dos comercios presentadas correctamente, dentro do prazo indicado. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, serán todas revisadas e derivadas a unha base de datos de solicitudes conformes (no caso de que estean completas e cos requisitos cumpridos) e anunciarase a listaxe definitiva de comercios participantes.

### 7.- PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS CONSUMIDORAS

Cada un dos comercios adheridos a esta Campaña terá exposto ao público unha caixa na que as persoas consumidoras poderán depositar os tickets ou facturas das compras que realicen no propio comercio, por importe igual ou maior a 20 €.

Esta caixa estará dispoñible para a **recollida de tickets e facturas entre os días 21 de decembro de 2023 e 13 de xaneiro de 2024, ámbolos dous incluídos.**

Os tickets ou facturas identificarán no seu reverso os seguintes datos da persoa que efectuou a compra:

- Nome e apelidos
- DNI
- Teléfono de contacto

Os tickets ou facturas identificarán claramente o comercio que o expide, deixando constancia, sen lugar a dúbidas.

Os tickets ou facturas acreditarán de xeito mecánico que a compra se realizou durante o prazo de



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

vixencia indicado nesta Campaña, sendo inválida calquera anotación ao respecto feita a man sobre o papel impreso.

Si se evidenciase que calquera das persoas participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas Bases, ou os datos proporcionados para participar non fosen válidos, a súa participación considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos, perdendo a validez sobre os premios outorgados en virtude desta Campaña.

Non poderán participar:

- As persoas propietarias e/ou empregadas dos comercios, nos seus propios comercios.
- Os e as concelleiras e o Alcalde do Concello de Laxe.

### 8.- SORTEO DE PREMIOS

O día 15 de xaneiro de 2024, cada comercio e comercio participante entregará a súa caixa de tickets e facturas na Casa do Concello, entre as 9.00 e as 14.00 horas.

Ese mesmo día, **15 de xaneiro de 2024, ás 14.00 horas**, farase un sorteo público, de xeito manual, **no Salón de Plenos da Casa do Concello de Laxe.**

- O primeiro ticket ou factura que se extraia corresponderá ao primeiro premio.
- O segundo ticket ou factura que se extraia corresponderá ao segundo premio.
- O terceiro ticket ou factura que se extraia corresponderá ao terceiro premio.

En dito sorteo obterase o nome de tódalas persoas gañadoras, así coma o nome do comercio no que se gastará, que corresponderá con aquel presentado a sorteo no ticket ou factura que resulte seleccionado.

Unha mesma persoa non poderá resultar gañadora de dous ou máis premios.

Un mesmo comercio non poderá resultar gañador de dous ou máis premios.

Unha vez extraídos os tres premios, extraeranse dous suplentes (1º e 2º suplente) de cada un dos premios e pola seguinte orde:

- 1º suplente do 1º premio
- 1º suplente do 2º premio
- 1º suplente do 3º premio
- 2º suplente do 1º premio
- 2º suplente do 2º premio
- 2º suplente do 3º premio

Os premios son persoais e intransferibles. A persoa premiada disporá dun prazo de 5 días hábiles dende a data de publicación de premios, para presentar debidamente cuberto o ANEXO II ante o Concello de Laxe. De non presentalo, iniciarase a quenda do 1º suplente e, de ser o caso, a do 2º suplente, en prazos de 5 días hábiles, sucesivamente.

Os tickets e facturas nos que non queden acreditados os requisitos de participación indicados nestas bases, serán considerados nulos.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

O resultado do sorteo será publicado na páxina web [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com) e nas redes sociais oficiais municipais.

Se fose necesario acudir á listaxe de suplentes, esta será publicada nos mesmos medios.

### 9.- RÉXIME DE PROTECCIÓN DOS DATOS ACHEGADOS

1.- O tratamento polo Concello de Laxe dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixidas nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello da Laxe determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello de Laxe, con domicilio para os efectos de notificacións na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – 15117 Laxe (A Coruña) teléfono de contacto 981706903 e correo electrónico: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

b) Os datos subministrados coa participación nesta Campaña destínanse unicamente a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria/o dalgún dos premios e resto de actuacións derivadas desta Campaña. Publicaranse igualmente na sede electrónica municipal e na páxina web municipal.

c) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedinte (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria.

d) Os datos subministrados ao Concello da Laxe serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos, número de teléfono móbil e enderezo.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
  - Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras expediente contradictorio previo con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.
- e) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.
- f) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos do Concello da Laxe de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.
- g) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Alcaldía do Concello o acceso aos seus datos, así como á súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.
- h) Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Laxe. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados ao Concello da Laracha neste procedemento.
- i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- l) A falla de subministración ao Concello da Laxe dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.
- m) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.
- n) As persoas premiadas autorizan ao Concello de Laxe a publicación dos seus datos persoais, con fins de xeral coñecemento e difusión de premios.

## 10.- PREMIOS

As persoas que resulten beneficiarias dun premio, unha vez rematado o sorteo e publicada a listaxe das mesmas na páxina web [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com), deberán presentar dentro deste mesmo prazo o ANEXO II debidamente cuberto.

No caso de non presentar o ANEXO II ou facelo fora de prazo, o premio será entregado a seguinte persoa da listaxe de reserva que será publicada na páxina web [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com). En



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

calquera caso, as persoas beneficiarias disporán de cinco días hábiles desde a publicación para a retirada do premio correspondente.

O formato de presentación do premio será un documento impreso que acreditará o nome, apelidos e DNI da persoa gañadora polo valor correspondente (250 €, 150 € ou 100€) e indicará o comercio no que realizará o gasto, que será o mesmo que figura no ticket ou factura co que resultou premiado/a na Campaña.

Cada premio terá a consideración de desconto para as compras, consumos ou servizos nos comercios adheridos. No momento da transacción deberán quedar rexistrados o importe e concepto da compra, a identificación do premio e o importe descontado.

A persoa premiada entregalle o documento que acredita o premio ao comercio no que se efectúe o gasto total.

### 11.- CONDICIÓN DE USO DOS PREMIOS

Cada persoa beneficiaria disporá dun premio para consumir no mesmo comercio indicado no ticket ou factura co que resultou gañador/a.

**O período de validez e polo tanto de consumo do premio será de 16 de xaneiro de 2024 ata o 31 de maio de 2024.**

Cada premio terá a consideración de bono desconto para as compras, consumos ou servizos no comercio ou actividade adherido, tendo en conta que a contía do premio enténdese co IVE engadido.

O/a comerciante non poderá aboar ao consumidor/a, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

Non será aplicable o emprego dos premios para as compras en liña nin serán compatibles con outro tipo de bonos promovidos por outras administracións públicas para as mesmas compras ou servizos.

**O comercio no que se consuma o premio emitirá antes do 30 de xuño de 2024, unha soa factura dirixida ao Concello de Laxe, na que se especifique o importe total do premio descontado (deberá estar incluído o IVE correspondente), e a relación detallada, identificando o importe total de cada compra co desconto do premio e anexando o documento que acredita o premio.**

### 12.- PUBLICIDADE E COMPROMISOS DOS COMERCIOS PARTICIPANTES

Tódolos comercios participantes están obrigados a colaborar nas accións de comunicación, prensa e relacións públicas da Campaña, así como a dar a maior difusión nas súas redes sociais da súa participación na mesma.

Os comercios adheridos deberán ter exposto nun lugar visible dende o exterior o material publicitario da Campaña, para facilitar a visibilidade de todos os locais participantes e dar unha imaxe corporativa (dito material será entregado polo Concello).



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Os comercios adheridos informarán e motivarán a súa clientela á participación na Campaña, a través do depósito do seu ticket ou factura de compra na caixa dispoñible dentro do propio comercio ao efecto ( a caixa será entregada polo Concello).

Os comercios adheridos comprométense a custodiar con dilixencia a caixa de tickets e facturas do seu comercio durante a vixencia desta Campaña.

**Os comercios adheridos comprométense a entregar a caixa de tickets e facturas na Casa do Concello de Laxe o día 15 de xaneiro de 2024 entre as 9.00 e as 14.00 horas para a posterior realización do sorteo público.**

### 13.- XUSTIFICACIÓN E INSPECCIÓN

O Concello da Laxe, como responsable da Campaña, reserva para si o dereito de realizar a posteriori cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución da Campaña de Nadal no Comercio de Laxe 2023/2024.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos comercios adheridos, o Concello poderá cancelar a súa adhesión ao Programa. Neste caso, comunicará a dita circunstancia co fin de impedir o troco e pagamento dos premios ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os comercios adheridos a esta Campaña están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida polo Concello no exercicio das súas funcións de control do destino dos premios.

O Concello de Laxe resérvase o dereito de adoptar cantas decisións considere oportunas para a mellor resolución do non previsto nestas Bases.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### ANEXO I

#### FORMULARIO DE ADHESIÓN PARA COMERCIOS “CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2023/2024”

Razón social	
Nome comercial	
NIF / CIF	
Domicilio fiscal e social	
Dirección do comercio / comercio	
Nome e apelidos do/a representante	
DNI do/a representante	
Teléfono	
Correo electrónico	

#### EXPOÑO:

Que desexo participar como comercio na “Campaña de Nadal no Comercio de Laxe 2023/2024” para promover a activación económica e propiciar o fortalecemento do sector comercial local, así como para crear sinerxías entre os pequenos comercios de Laxe.

#### DECLARO

- Que cumpro cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos, así como que dispoño de comercio permanente no Concello de Laxe e que reúno as condicións legalmente establecidas para o exercicio da miña actividade.
- Que colaborarei en todas as accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento, así como a dar a maior difusión nas redes sociais do meu comercio adherido; así como a ter exposto nun lugar visible dende exterior o material publicitario da campaña, para dar unha imaxe corporativa.
- Que custodiarei a caixa de tickets e facturas do meu comercio dende o 21 de decembro de 2023 ata que a entregue o día 15 de xaneiro de 2024 no Concello de Laxe entre as 9.00 e as 14.00 horas.
- Que autorizo ao Concello da Laxe para a difusión pública do meu nome comercial, e ao tratamento dos datos achegados nos termos que se establecen nas bases da convocatoria.

#### Polo exposto, SOLICITO:

A adhesión como comercio participante á “Campaña de Nadal no Comercio de Laxe 2023/2024”

En Laxe, a \_\_\_\_\_ de decembro de 2023.

(sinatura)

A/A.- ALCALDÍA DE LAXE





## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### ANEXO II

#### FORMULARIO PARA AS PERSOAS PREMIADAS NA “CAMPAÑA DE NADAL NO COMERCIO DE LAXE 2023/2024”

Nome e apelidos	
DNI	
Domicilio	
Teléfono	

- Declaro responsablemente que non estou incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a.
- Declaro responsablemente que son maior de idade, que cumpro cos requisitos establecidos na convocatoria, que os datos indicados son certos e que me atopo ao corrente coas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Autorizo ao Concello de Laxe para o tratamento e publicación dos datos achegados nos termos que se establezan nas bases da convocatoria.

Polo exposto, SOLICITO:

Dispoñer do premio que me foi outorgado no sorteo público efectuado o día 15 de xaneiro de 2024 na Casa do Concello de Laxe, por importe de \_\_\_\_\_ euros no comercio \_\_\_\_\_ nas condicións que indican as bases da convocatoria.

En Laxe, a \_\_\_\_\_ de xaneiro de 2024.  
(sinatura)

A/A.- ALCALDÍA DE LAXE